

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE CALIDADE DA FACULTADE DE HISTORIA DO 3 DE FEBREIRO DE 2021

### Lista de asistentes

**Presidenta, decana , coordinadora de calidade e coordinadora do Mestrado en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade**

Reboreda Morillo, Susana

**Secretaria**

Cadilla Lomba, Josefina T.

**Coordinador do Mestrado en Valoración e Xestión do Patrimonio Cultural**

Pérez Losada, Fermín

**Coordinadora de Grao**

Vaquero Díaz, Beatriz

**PDI**

Barriocanal López, Yolanda

Comendador Rey, Beatriz P

López Díaz, María

**Membros da sociedade**

Díaz Naya, Rosa María

Garrido Labrador, Begoña

**Bolseiro de colaboración do centro**

Lozano Ramírez, Amado Tierra

**PAS**

Rodríguez Bouzas, Josefa (colaboradora de calidade)

A comisión realízase de xeito virtual, mediante o Campus Remoto na sala de xuntas 1 da Facultade de Historia, reuníndose os membros da Comisión de Calidade que figuran á marxe, o mércores 3 de febreiro de 2021, ás 13.00 horas en segunda e definitiva convocatoria, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 3 de decembro de 2020.
2. Informe da presidenta.
3. Validación, se procede, do informe para a revisión interna do seguimento de centros e de titulacións oficiais de grao e mestrado. Convocatoria 2019/20 (curso avaliado: 2018/2019)
4. Validación, se procede, do borrador do informe de seguimento da información pública para o curso 2020-2021.
5. Rolda de intervencións.

1.- Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 3 de decembro de 2020.

Apróbase a acta por asentimento.

## 2.- Informe da presidenta.

Comeza informando de que o 15 de xaneiro era o día asignado no calendario aprobado para celebrar as eleccións a decano/a da facultade, pero non se presentou ninguén. O reitor, seguindo a normativa reguladora, resolveu a prórroga do seu mandato en funcións, coa encomenda de que debería convocar eleccións no prazo máximo de seis meses coa finalidade de que alguén se presente ao cargo. Ese prazo finalizaría en xullo, mes no que non se poden convocar eleccións porque non hai clases e polo tanto no está aquí o alumnado. O procedemento electoral comezará pois en setembro, unha vez finalizada a matrícula do curso 2021/2022 porque o censo que hai que publicar debe incluír a todo o alumnado do centro. O proxecto do equipo decanal inclúe rematar este curso académico 2020/2021 e programar o vindeiro curso 2021/2022. A decana afirma que para o equipo o feito de estar en funcións non provocará cambios, e o traballo e a implicación serán exactamente as mesmas.

Posto que o número de alumnado co que conta actualmente a facultade o permite, nomeouse a unha segunda vicedecana, cargo que desempeñará Carmen Arribas Álvarez, unha persoa que coñece perfectamente a dinámica do centro porque ocupa o posto de xefa de negociado de asuntos xerais na facultade desde hai varios anos e foi secretaria no anterior equipo decanal.

Dado que a normativa de peche de exercicio obriga a que a finais de novembro estean practicamente todos os gastos realizados, asumimos que deberemos executar a maior parte do orzamento. A idea é darlle continuidade a proxectos anteriores, relacionados coa captación, tamén haberá unha cuarta edición da Olimpíada Galega de Historia e está en mente a realización dun concurso para o profesorado de ensino medio, en relación a proxectos de innovación docente na área de ciencias sociais. A finalidade é outorgar un premio por ensinar as materias de historia, arte e xeografía de xeito atractivo e diferenciándose das metodoloxías tradicionais.

Outra proposta é organizar un ciclo de conferencias, no que participen as áreas interesadas, ben arredor dun único tema, ben de xeito independente. Este proxecto será debatido na vindeira xunta de facultade que se celebrará o venres día 5 de febreiro.

Na composición da Comisión de Calidade producíronse unha serie cambios, xa que Antonio Presedo Garazo e José María Equileta presentaron a súas respectivas dimisións. A decana e coordinadora de Calidade quere deixar constancia do agradecemento a ambos pola contribución exquisita con un apoio e implicación constante. Nesta dimisión está implícita a non asistencia a esta comisión.

Para substituír a Antonio Presedo como colaborador de calidade pensamos en

Josefa Rodríguez Bouzas, xefa do negociado de área de apoio a centros e departamentos. Tamén está hoxe presente polo mesmo motivo A. Tierra Lozano Ramírez que este ano é o bolseiro colaborador no Centro e que realizará tamén tarefas de apoio e colaboración en temas relacionados coa calidade.

Respecto á substitución de José María Eguileta, pedímoslle a el que realizara unha suxestión, pero á persoa que recomendou non lle ven ben. Nestes momentos á presidenta non se lle ocorre un nome en concreto, podería ser un representante do ensino universitario. Por ese motivo, solicita a colaboración das persoas presentes para que realicen propostas. Coméntase de xeito informal o nome de varias persoas. Conclúese que o que realmente interesa é que sexa xente que colabore de xeito activo. Entre os nomes que saíron a decana vai realizar propostas para integrarse nesta comisión como representantes da sociedade.

Pola situación actual na que nos atopamos pola pandemia, as clases comezarán cunha semana de retraso e ata o día 17 a docencia será exclusivamente online. En principio, a mensaxe do equipo reitoral é que se imparta desde o posto de traballo, é dicir que o profesorado imparta a docencia desde o seu despacho. De non poder ser así deberá enviarse a solicitude e xustificación ao decanato. O maior problema que hai no centro para levar a cabo esta proposta son as obras de xeotermia que se están acometendo no campus. De seguir con ese nivel de ruído habería que impartir a docencia desde casa.

Comezouse coa realización das enquisas de avaliación docente que este ano serán online. A Uvigo convocou un sorteo xenérico e desde a facultade a secretaria, Josefina Cadilla, e o bolseiro de colaboración, A. Tierra Lozano, están desenvolvendo outro para tentar incrementar a participación entre o alumnado.

Intervén a profesora Beatriz Comendador, para indicar que non considera apropiado que coincidan as enquisas coas datas de avaliación. Ata o de agora eran previas. A decana indica que a idea era a de sacalas nas datas nas que se realizan habitualmente, pero que por algún motivo se fixeron con retraso. Será un tema que comente para ter en conta en vindeiras avaliacións.

### **3.- Validación, se procede, do informe para a revisión interna do seguimento de centros e de titulacións oficiais de grao e mestrado. Convocatoria 2019/20 (curso avaliado: 2018/2019)**

Trátase dunha revisión voluntaria que solicita o centro sobre o IRD do curso 2018/2019. No informe que emite a área de Calidade da UVigo, se realizan unha serie de valoracións que son correctas . Resaltáronse certos puntos febles, coma o escaso número de TFG que se defenden en tempo e forma, as

taxas de abandono e baixa taxa de gradación. Solicitase que investiguemos o motivo e que creemos unha acción de mellora.

Para Susana Reboreda é difícil atopar o motivo porque non hai datos para poder facelo. Nas recomendacións indícanos que se valore se isto é propio da modalidade presencial ou da semipresencial. Ela considera que as pautas do título, permiten realizar en tempo e forma o TFG, se non se fai débese, en circunstancias normais, a unha cuestión de pouca vontade. Se ben é certo que non se poden presentar ata non ter aprobadas todas as materias.

Intervén A. Tierra Lozano, representante do alumnado, que opina que efectivamente, é factible. En xeral a xente que está dedicada ao Grao presenta o TFG cando lle toca, a xente que non o saca son os mesmos que non asisten a clase e que quizais non se dedican exclusivamente á titulación.

O profesor Fermín Pérez, considera que hai que explicar ao alumnado que non vaia presentar o TFG que teñen a posibilidade de matrícula a tempo parcial, que quizais descoñecen esta posibilidade. Susana Reboreda afirma que os datos se obteñen por cohorte, é dicir, que se considera o ano da primeira matrícula, e a matrícula a tempo parcial que escollen moitos dos semipresenciais, podería ser un bo argumento.

A decana comenta se se podería facer unha pequena enquisa de motivación e a partir de aí realizar suxestións, ou ben mandar un correo electrónico. Para coñecer o alumnado matriculado nesa materia ten previsto presentalo en tempo e forma e en caso contrario saber o motivo.

Coa taxa de abandono o problema aquí é que non nos deixan contactar coas persoas que deixaron de estudar. Debemos analizar en consonancia co anterior porque no grao e o mestrado a taxa de graduación é baixa.

Nas enquisas de satisfacción valórase negativamente o calendario de avaliación, habería que indagar nas causas. Ela cre que o motivo é que en dúas semanas deben realizarse todos os exames finais, pero pensa que unha parte do alumnado non teñen que realizalos porque aproban por parciais. Pregúntalle ao representante do alumnado quen propón que para elaborar o calendario se teña en conta aquelas materias as que obrigatoriamente hai que realizar o exame final e que non se poñan xuntos. Outra valoración negativa refírese á distribución de horas teóricas e prácticas. Pero este aspecto tampouco se pode cambiar porque está reflexado na memoria do título.

No informe tamén de recollen outro dous fallos: non se tiveron en conta nin os resultados da enquisa de PAS, nin os da EAD. A decana comenta que terá en conta todos os aspectos á hora de elaborar o informe do curso 19/20 que vai comezar en breve.

Realizadas e comentadas estas aclaracións, válidase o informe por asentimento.

#### **4.- Validación, se procede, do borrador do informe de seguimento da información pública para o curso 2020-2021.**

Aínda que a convocatoria indicaba “borrador do informe”, o documento está xa case finalizado, a segunda versión que enviamos con posteridade á convocatoria case é a definitiva polo que se solicita a validación do informe. Este procedemento mudou hai uns meses cara a simplificación e este é o primeiro rexistro que elaboramos coas novas características. Trátase de revisar se toda a información fundamental relativa ao Centro é pública e accesible. Esta transmisión se realiza a través da páxina web e as redes sociais, que resultan unha vía importante de comunicación co alumnado, pensamos que mellor que a páxina web. A decana agradece a axuda proporcionada por A. Tierra Lozano, bolseiro de colaboración do centro, na actualización do rexistro que presentamos para a súa aprobación.

Valídase o informe por asentimento.

#### **5.- Rolda de intervencións.**

Intervén o profesor Fermín Pérez para solicitar información sobre a proposta para recuperar a semana de clases que se suspenderon polas medidas impostas pola Xunta de Galicia.

Susana Reboreda explica que a proposta do equipo será a de non mover o calendario do centro xa aprobado porque iso suporía retrasar unha semana a docencia e os exames. Así, cada docente de acordo co alumnado da materia, determinará o xeito de recuperación das horas non impartidas, ben cunha actividade alternativa ou ben recuperando as horas. O mesmo fíxose no primeiro cuadrimestre que comezou con dúas semanas de retraso sobre o calendario inicialmente aprobado.

Lembra aos presentes que o profesorado que non poida vir ao seu despacho en Ourense a dar a docencia que o solicite ao decanato. Haberá tamén que ver como queda o tema do ruído das obras de xeotermia dado que están preto do Edificio de Ferro e dos pavillóns. O control da docencia realizarase desde secretaria virtual, substituíndose os códigos QR que estaban nas aulas físicas.



Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13.45 horas do día 3 de febreiro de 2021, da que eu como secretaria dou fe, co visto e praxe da decana.

A decana  
Asinado dixitalmente  
Susana Reboreda Morillo

A secretaria  
Asinado dixitalmente  
Josefina Cadilla Lomba